

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de setembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.30 horas do día 19 de setembro de 2019, réunese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Gerardo Seoane Fidalgo

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria do día 19 de xullo de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, do día 19 de xullo de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DE ADENDA MODIFICATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C.H. DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DE MELLORA DO TRATAMENTO NA EDAR DO PARQUE EMPRESARIAL DE VILAMARÍN, NO CONCELLO DE VILAMARÍN (OURENSE).

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

No se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aprobar a addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín no Concello de Vilamarín (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2021. Porén, se nesa data non teñen rematado as actuacións obxecto do mesmo ni se ten procedido á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras, e consonte ao establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2017	2018	2019	2020	TOTAL
CHMS, O.A.	5.907,11 €	1.788,49 €	0,00 €	217.304,40 €	225.000,00 €
DEPUTACIÓN OURENSE	5.907,11 €	1.788,49 €	163.284,15 €	54.020,25 €	225.000,00 €
CONCELLO VILAMARÍN	3.046,43 €	922,37 €	112.031,20 €	0,00 €	116.000,00 €
TOTAL	14.860,65 €	4.499,35 €	275.315,35 €	271.324,65 €	566.000,00 €

TERCEIRA.- Entrada en vigor.

A presente addenda modificativa resultará eficaz trala publicación no BOE, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, segundo o previsto no artigo 58 da LRXSP.

2º. Ao tratarse dun gasto plurianual, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2020 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pide que se facilite información sobre unha serie de plans e proxectos que figuran na proposta de orzamento para o exercicio 2020, en concreto, o “Plan Ourense Provincia Termal”, o proxecto “Fronteira Esquecida”, “Emprende Mekers” e “Nóvate Desenvolvemento Empresarial”.

A **presidenta da comisión** indica que se lle contestará por escrito.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, formula unha pregunta sobre o punto limpo da Mancomunidad Santa Águeda, e pide que se informe sobre as horas de prestación do servizo deste punto limpo e a súa dotación persoal.

A **presidenta da comisión** indica que se lle contestará por escrito.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta sobre o estado no que se encontra a solicitude aprobada a raíz dunha moción do Grupo Popular o 29 de xullo de 2016, de creación dun centro da castaña en Riós.

A **presidenta da comisión** indica que se lle contestará por escrito.

D. Bernardo Varela López, do BNG, formula un rogo en relación co tratamento dos bioresiduos, para que a Deputación de Ourense teña en conta nos servizos de recollida de residuos que xestiona, a proposta da UE que obrigará proximamente a que o 50% dos residuos sexan obxecto de separación, porcentaxe que se elevará ao 60% para 2025, cando hoxe non se supera o 20% no mellor dos casos. Cre que a bolsa de lixo orgánico deberá ter un tratamento específico.

A **presidenta da comisión** toma nota do rogo formulado polo Sr. Varela López e infórmalles aos membros da comisión de que no día de hoxe se inaugurou a feira internacional Termatalia, invitando aos asistentes a participar no dito evento.

E, ás 17.36 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.